



1

**Ofrenda a San Ramón** (1923)**Francisco ASOREY**

(Cambados, 1889 – Santiago de Compostela, 1961)

Talla en madeira policromada que representa a unha muller embarazada que mostra de xeonllos a súa devoción a san Ramón Nonato, santo ao que se lle encomendaban as parturientas para solicitar precisamente un bo parto. A moza viste roupas e xoias tradicionais de gala. Na súa man dereita sostén unha pequena figura que representa o santo e coa súa man esquerda suxeita un cirio devocional.

Asorey traballou directamente a madeira para definir os trazos faciais e utilizou tanto a pegada das gubias e as incrustacións de elementos metálicos como a cor con intención decorativa, para representar as texturas e calidades dos tecidos. Con todos eses elementos elaborou unha escultura dedicada á muller galega e, a través dela, á tradición e a devoción, tan arraigadas na cultura de Galicia. A *Ofrenda* consérvase no museo grazas a doazón feita por D. José Fernández López, significado benfeitor do museo.



2

**O meigallo** (1925)**Santiago Rodríguez BONOME**

(Santiago de Compostela, 1901-París, 1995)

Bonome iniciouse na escultura da man do seu pai, artesán ebanista, e traballando en talleres de imaxineiros composteláns, entre eles o de Asorey. Aprendeu ben o oficio. O seu traballo caracterízase polo tallado rotundo e directo da madeira co que consegue pezas facetadas en múltiples planos que propician marcados xogos de luces e sombras. Adoitaba traballar con volumes pequenos e desenvolveu sobre todo temas costumistas e relixiosos, protagonizados por campesiños, feirantes, devotos e peregrinos. Compoñía escenas con grupos de figuras nos que, con frecuencia, aparecían nenas e nenos. Así ocorre nesta peza, que fai referencia a crenzas tradicionais, mitos ao redor dos males de orixe descoñecida e rituais sanadores.

D. José Fernández López doou esta obra ao museo en 1961.



3

**Marabú** (1928)**COMPOSTELA** (Francisco Vázquez Díaz)

(Santiago de Compostela, 1898 – San Juan de Puerto Rico, 1988)

Pequena peza que representa a figura dun *marabú*, singular ave zancuda e preeira do África subsahariana. Está realizada en madeira polo procedemento de talla directa e exemplifica ben a dedicación deste autor á denominada *escultura animalista*, a que representa animais, aos que ás veces, como se evidencia neste caso, Compostela dotaba de posturas, xestos ou calidades humanas.

En 1985, o 'Marabú' do Museo Provincial formou parte da exposición '*Escultura española de 1900 a 1936*', comisariada por Josefina Alix, que se exhibiu nos Palacios de Cristal e do Retiro de Madrid.

É unha doazón máis de D. José Fernández López.



4

**Busto de Manuel Vázquez Seijas** (1960)**EDUARDO RODRÍGUEZ OSORIO**

(Esmeriz, Chantada, 1920 – Madrid, 1995)

Retrato en bronce que representa a quen foi director do Museo Provincial de 1948 a 1982. O seu autor obtivo, en 1942, unha bolsa da Deputación Provincial de Lugo que lle permitiu matricularse na Escola Superior de Belas Artes de San Fernando de Madrid. Ao longo da súa traxectoria artística, Rodríguez Osorio mantivo unha intensa actividade como retratista. Para el posaron numerosos e recoñecidos personaxes (Amando Suárez Couto, Dionisio Gamallo Fierros, Antonio Bonet Correa, Arsenio Iglesias, José María Rodero...)

O Museo Provincial tamén conserva os retratos que realizou do gravador Manuel Castro Gil e de Álvaro Gil Varela, outro importante benfeitor do museo.



5

**Tila** (1967-68)

**Magín Julio PICALLO DURÁN**

(Troáns, Cuntis, Pontevedra, 1940)

Picallo foi discípulo de Asorey. Formouse tecnicamente na talla da madeira e a pedra. Gran parte da súa produción está dedicada a temas galegos e mostra ademais a súa preferencia polo retrato e o espido.

Esta escultura figurou na súa primeira exposición individual, que tivo lugar no Ateneo de Pontevedra en 1967. Ao ano seguinte doouna ao museo. É o retrato dunha muller de nome Donatila. Está realizado en mármore, material moi apreciado polo artista, pois lle permitía definir con realismo os trazos e detalles do rostro.

No museo exhibese unha obra máis deste escultor, *O retorno dos mariñeiros*, e nos almacéns do centro consérvase outra singular peza súa, unha máscara funeraria realizada en xeso do rostro de D. Antonio Fernández, notable benfeitor do museo.



6

**Escorzo** (1975)

**XOÁN PIÑEIRO NOGUEIRA**

(Hío, Pontevedra, 1920 – Porriño, Pontevedra, 1980)

Esta obra revélanos con claridade a técnica coa que o autor se enfrenta ao bloque de pedra, no que aínda se aprecian as pegadas dos instrumentos de tallado. Tamén evidencia o seu dominio do material, neste caso o granito, e a intencionada utilización das texturas. O tratamento do rostro e o pescozo contrasta co aplicado ao cabelo, resolto de maneira esquemática, e ao das zonas apenas desbastadas. A peza delata a formación académica do escultor e o seu bo coñecemento da morfoloxía e as proporcións do rostro humano.

Piñeiro doou a escultura ao museo.



7

**Figura do pobo** (1976)

**Manuel García BUCIÑOS**

(Buciños, Lugo, 1938)

Peza realizada en bronce que representa a unha muller como alegoría do pobo traballador.

O escultor dá volume á figura co uso de superficies curvas e sérvese do xogo de concavidades e convexidades para alixeirar a obra. Pertence a unha etapa da súa produción na que a figuración tradicional convive coa síntese formal para dar lugar a figuras aparentemente sinxelas que poñen en valor o oco, o interior da escultura.

Buciños recibiu por esta obra o 2º premio do *Concurso - Exposición de Pintura e Escultura* celebrado en Lugo en 1976.

Foi doada ao museo polo artista.



8

**Peixe** (1950-70)

**Julio PRIETO NESPEREIRA**

(Ourense, 1896 – Madrid, 1991)

Escultura plana realizada en bronce que representa un peixe imaxinario. Está concibida como un baixo relevo e pensada para ser contemplada só por unha das súas caras. O seu deseño relaciónase directamente coa última etapa artística do autor, aquela na que a súa linguaxe plástica se afasta da figuración tradicional con propostas máis creativas.

Prieto Nespereira foi esencialmente gravador, moi recoñecido como tal e con significativa presenza no Museo Provincial no que conta cunha sala monográfica composta por obras que el mesmo doou.



9

**Claridade interior** (1980-90)

**SILVERIO RIVAS**

(Ponteareas, Pontevedra, 1942)

Peza que pertence a unha serie de figuras articuladas realizadas en bronce nas que o autor parte dun volume xeométrico que ao abrirose transforma o espazo.

Rivas preocúpase especialmente polo acabado. Evidencia o contraste entre as superficies puídas, brillantes e douradas que reflicten a luz e as escuras acabadas en mate. O contraste é precisamente o que define esta escultura: o exterior e o interior, o aberto e o pechado, o contido e o expandido, o estático e o dinámico, o brillante e o mate, a luz e a escuridade.



10


**Torso alado** (1980)

**ACISCLO MANZANO**

(Ourense, 1940)

Obra que mostra a preocupación do artista polo artesanal e polas formas orgánicas. O escultor intensifica a expresividade da materia, neste caso a arxila branca eivisencia, con intencionadas texturas, raiados e gretas. Recorre ao primitivo, acusa a influencia mediterránea da arte grega antiga e parte da idea do molde que se adapta ao corpo, un concepto que Manzano desenvolveu en abundancia.

Doadada pola Fundación Pedro Barrié da Maza, Conde de Fenosa.



11

**Sen título** (1987)

**CAXIGUEIRO**

(Mondoñedo, Lugo, 1955)

Escultura que combina a chapa de ferro e a madeira e manexa unha linguaxe plástica de xeometrías e trazos puros. Pertence á serie *Co tempo*, desenvolvida por Caxigueiro por mor das súas impresións ante o desastre do petroleiro Mar Exeo e a contemplación dos restos do buque encallados na costa coruñesa.

Nos xardíns do museo está instalada outra composición deste autor, unha obra integrada por 22 bloques de barro que formou parte do proxecto *Amurallando as sombras dos soños*, desenvolvido con motivo do V aniversario da declaración da Muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade.



12

**Figura. Dobre arquitrabe** (2003)

**ÁLVARO DE LA VEGA**

(Paradela, Lugo, 1954)

Figura en madeira executada polo procedemento de talla directa, que é a maneira habitual de traballo deste escultor.

De la Vega establece en gran parte da súa obra un diálogo coa arquitectura. Interésase polos elementos construtivos e a súa relación coa figura humana. Esta escultura é unha boa proba diso.

Aproveita as características de cada bloque de madeira, a morfoloxía dos troncos, as gretas, os nós... En ocasións, como ocorre neste caso, sérvese mesmo da pintura para potenciar a expresividade das súas pezas. A rugosidade, o astillado, o aspecto inacabado e imperfecto colócanos ante un artista aparentemente pouco preocupado por valores estéticos convencionais e afastado, ao tempo, de academicismos.

SALAS 8 a 28

LOCALIZACIÓN DAS ESCULTURAS NAS SALAS DO MUSEO N°

